




DEPUTACIÓN DE LUGO



SEMINARIO DE BENESTAR ANIMAL EN GANDERÍA ECOLÓXICA

Graxa Gayoso Castro
Castro de Riberas de Lea
Venres, 29 de Novembro
10:00-14:00 h

Solicita información e insíbete en:

Teléfono: 982246762
(horario 9-14h e de 16-20h)
www.planintegralgandeiro.info
pigandeiro@deputacionlugo.org

POTENCIACIÓN DA GANDERÍA ECOLÓXICA NA PROVINCIA DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO



Este seminario inclúese no Plan Integral para o Desenvolvemento Sostible do Sector Agrícola, Gandeiro e Agroforestal, enmarcado no proxecto LugO2 Provincial da Deputación de Lugo.

Os asistentes a este seminario coñecerán de qué modo sería posible traballar en gandería ecolóxica e coidar un dos aspectos diferenciadores desta produción: o benestar animal.

Son diversas fronteiras que afectan ó benestar animal: o cumprimento da normativa, as limitacións económicas, a maximización da produción e as necesidades dun fácil manexo dos animais, que deben entrar en equilibrio en cada explotación.

Expoñerán os asistentes os seus casos particulares ós ponentes, as súas dúbidas e discutiránse as problemáticas das explotacións para poder cumprir co benestar animal. Os asistentes aprenderán en sesión práctica a identificar os indicadores indirectos de avaliación do benestar animal, en especial en vacas leiteiras.

Gandería ecolóxica: benestar animal

Os sistemas de produción ecolóxica presentan un importante potencial para proporcionar un nivel de benestar animal elevado, grazas ás propias características destes sistemas. Como pode o benestar animal empregarse como ferramenta para mellorar a calidade e a rendibilidade das explotacións gandeiras. Diminución dos custos e mellora da imaxe da empresa, axeiando a produción ás novas regras da UE e ás esixencias e preocupacións cada vez maiores dos consumidores.

Ponente: José Pedro Pinto de Araújo (Escola Superior Agraria do Instituto Politécnico de Viana do Castelo (ESA-IPVC) (Ponte de Lima)

Instalación para vacas leiteiras e indicadores indirectos de avaliación do benestar animal

Cada vez máis estudos científicos sobre o benestar animal na produción leiteira actual intentan desenvolver estratexias para optimizar a instalación para os animais. Pero é igualmente importante coñecer as condicións de creación dos animais e avaliar o seu benestar nas explotacións.

O obxectivo desta ponencia é describir algúns aspectos importantes das instalacións de vacas leiteiras, así como o seu manexo e describir diversos indicadores de avaliación do benestar sinxelos de realizar en campo (condición corporal, nivel de hixiene, coxeiras).

Ponente: Joaquim Lima Cerqueira (Escola Superior Agraria do Instituto Politécnico de Viana do Castelo (ESA-IPVC) (Ponte de Lima)

Coordinador:
Javier Villanueva
(Xerente de Agronovo Ecoloxia, S.L.)

